



Máis eucaliptos, máis absentismo, máis incendios, máis despoboamento...

É este o futuro que queremos para o rural galego?

EUCALIPTO CERO, COMO EN EUROPA!

A crecente inqueda social pola imparábel extensión do eucalipto, que xa acada en Galiza máis de 500.000 ha, fai precisa dunha reacción por parte da cidadanía galega e por suposto, tamén da Xunta.

A especie cobre xa case o 17% de todo o territorio galego, mentras que en Portugal non chega ao 9%. A intensidade de ocupación da nosa terra é portanto dupla que no país veciño. Este dato chama a atención non só pola importante superficie que representa, senón tamén porque de todos os estados europeos, só España e Portugal permiten o monocultivo desta árbore. Que razóns xustifican esta anomalía?

A expansión do eucalipto vese favorecida por un modelo de explotación do monte intensamente forestalista, que aposta pola produción de madeira con pouco valor engadido, e acusa á continua presión do lobby pasteiro-enerxético para ocupar con novas especies como o *Eucaliptus nitens* áreas anteriormente vetadas ao *E. globulus*.

A recente desregulación do sector da biomasa, trala derogación do decreto 149/2008, vai ter un efecto chamada sobre os plantíos para queimar, nomeadamente de *E. Nitens*. O obxectivo do sector pasteiro-enerxético encabezado por ENCE é estender o seu modelo de xeración eléctrica baseado nas grandes centrais térmicas de 50, 100MW, mediante os cultivos enerxéticos (plantar-queimar-plantar). Isto xa está a provocar unha nova vaga eucaliptizadora no país.

Tendo en conta que superficie agraria útil (SAU) na Galiza é de 8,4 ha por explotación, mentras que no estado chega ás 24,7 ha, e que nos dous últimos anos desapareceron no noso país unhas 1200 explotacións, estamos a falar de 10.000 ha que en grande parte teñen sido ocupadas polo eucalipto. Terreos rústicos de protección ordinaria destinados a cultivo e terreos rústicos de especial protección agropecuaria que non poderían ser forestados, remataron inzados de eucaliptos diante da pasividade da Xunta.

As consecuencias destas políticas sobre o agro, o monte e a sociedade galega son catastróficas: perda de soberanía alimentar; abandono do medio rural; reconversión das iniciativas produtivas vencelladas á terra en absentismo urbanita con rentistas do eucalipto desconectados do territorio... E no eido ambiental e patrimonial, empobrecemento da biodiversidade, perda de fertilidade, aumento da erosión, escaseza de auga, maior intensidade dos lumes forestais, perda do patrimonio arqueolóxico...

Medio millón de hectáreas de eucalipto xa é dabondo: aínda non é tarde para reaxir!

Para tentar revertir esta situación, os colectivos integrados na iniciativa “Cousa de Raíces” reclamamos ás administración a adopción con carácter urxente das seguintes medidas:

1. Moratoria para novos plantíos de *Eucalyptus*: Ao igual que acaba de facer Portugal, debería prohibirse a ocupación de novas con especies do xénero *Eucalyptus*, cando menos até que se avalíen os impactos desta árbore sobre os ecosistemas naturais logo de 40 anos de monocultivo intensivo, se realice o inventario de masas de frondosas autóctonas e se redacte un novo Plano Forestal que ordene os aproveitamentos do monte con criterios de sustentabilidade. Ademais debería aplicarse estritamente a Lei de Montes para impedir a forestación de terras agrarias e os plantíos sobre hábitats de interese.

2. Prohibición do *Eucalyptus nitens*: Esta árbore está considerada polo Comité científico do Ministerio español do ambiente como unha “*especie exótica en expansión, con alto risco de invasión e perigosa para a biodiversidade e a funcionalidade dos ecosistemas*”. Malia a non estar formalmente incluído no Catálogo estatal de especies exóticas e invasoras, o *E. nitens* éo. En consecuencia, e como acontece coas demais especies invasoras, Estado e Xunta deberían incluír a esta especie no catálogo e prohibir a súa plantación, tráfego e aproveitamento para preservar a integridade do noso patrimonio natural.

3. Freo aos cultivos enerxéticos no novo Plano Forestal: O aproveitamento da biomasa forestal con fins enerxéticos non pode ser un obxectivo en si mesmo. Debe estar orientada á prevención dos incendios e a servir de apoio aos tratamentos silvícolas, para producir un incremento dos volumes de madeira de alta calidade e favorecer a conservación dos ecosistemas forestais e as condicións fitosanitarias dos bosques galegos. O aproveitamento da biomasa consonte a estes criterios debería revertir nas comunidades locais, como un complemento máis das iniciativas vencelladas ao territorio, e non converterse en obxecto de especulación por parte das grandes corporacións. Neste senso, os denominados cultivos enerxéticos (plantar-queimar-plantar) deberían estar ausentes das políticas agroforestais.

4. Cumprimento estrito da lexislación para impedir a forestación de terras agrarias e os plantíos sobre hábitats de interese: A proibición de forestar as terras agrarias debería ser respectada aplicando as correspondentes sancións aos infratores. A administración debería iniciar un proceso de reversión, mesmo mediante a execución subsidiaria, para que as terras agrarias hoxe ocupadas por plantacións forestais retornaran ao seu uso orixinario. Esta iniciativa debería complementarse cun Plano de ordeamento territorial e de orientación de cultivos, para potenciar a mobilidade das terras e o correcto aproveitamento da superficie agraria util. Tamén resulta fundamental garantir o cumprimento das normas que impiden a substitución de carballeiras e doutro tipo de formacións e hábitats de interese por eucaliptais, revertindo as afeccións e restaurando as funcións ecolóxicas destes espazos.

5. Establecemento dunha fiscalidade “verde” para o eucalipto: O aproveitamento intensivo desta especie comporta o deterioro de servizos ecosistémicos que como a diversidade natural, a dispoñibilidade de auga, a fertilidade do solo, ou a calidade paisaxística, son importantes

para a vida e o mantemento das actividades económicas da nosa sociedade. Os eucaliptais inciden tamén na maior frecuencia e intensidade dos lumes; na contaminación de terras e rías con agroquímicos e subprodutos das celulosas; no empobrecemento da biodiversidade e no avance da erosión, provocando perdas económicas directas. Tamén, o eucalipto contribúe a fosilizar importantes cantidades de recursos públicos: o PLADIGA -plano de loita contra o lume- custa anualmente máis de 150 millóns de €. En consecuencia, o aproveitamento do eucalipto debería estar gravado cun imposto que contribuíra a reverter os danos que provoca no medio e as perdas económicas que este modelo causa á sociedade.

6. Promoción dos aproveitamentos sustentábeis e da conservación dos bosques naturais:

Os modelos de aproveitamento que apostan pola multifuncionalidade do monte e baseados na utilización das especies autóctonas, deberían estar primados con incentivos, mesmo sen ter unha fin produtiva. Os nosos bosques naturais prestan un importante servizo á sociedade, polo que semella lóxico que esta repercuta parte dos beneficios a aquelas comunidades e propietarios/as que apostan pola súa conservación.

Galiza, 21 marzo de 2017, Día Internacional dos Bosques

As organizacións que integran a iniciativa “Cousa de Raíces”



ADEGA	ESPAZO AGROECOLÓXICO A ESTRUGA
ADENCO	FEG
AFG	FRAGAS DO MANDEO
AGA	FRUGA
AGCT	GRUPO NATURALISTA HÁBITAT
AGRUPACIÓN A ZARROTA	HIFAS DA TERRA
ALIBÓS	MARIÑAPATRIMONIO
AMIGOS PATRIMONIO CASTROVERDE	MILHULLOA
APDR	MONTENOSO
ARTEU	ORGACMM
ASOPORCEL	OVICA
BANDULLO ECOLÓXICO	PETON DO LOBO
BÉTULA	PLATAFORMA SARRIANA
CARBALLO VIVO	POLITÉCNICA LUGO
CATIÑEIRO E NOGUEIRA	POSADA MARRÓN GLAÇÉ
CDR ANCARES	PROXECTO NEO
CENTRO EXPER. LOURIZÁN	QUERCUS SONORA
CHAO DE CASTRO- ALTAIR	RÍOS CON VIDA
COLECTIVO TERRA	RIDIMOAS
COVA DA TERRA	SGO
CULTURA DO PAÍS	TESOUROS DE GALICIA
CYCLOWOOD	VERDEGAIA
ENARBORAR O BOSQUE	